

Marcos García, premio Padroado de Deportes por brillar entre a elite da natación española

LaVoz 7/2/2010

Convertido xa nun dos grandes velocistas da natación española, Marcos García Soto (Ferrol Elinco) buscará a mínima para o Europeo de agosto de Budapest. Ademais de tres ouros nos Galegos, a tempada pasada conseguiu varios éxitos que lle fixeron acredor do premio Padroado de Deportes de Ferrol. En bolboreta, logrou o ouro en 50, a prata en 100 e o bronce en 200 no Campionato de España nas Palmas. Tamén destacou como tetramedallista no Nacional de seleccións autonómicas. Ademais, no Campeonato de España Open de Málaga logrou un segundo, un terceiro e un cuarto posto, con sete plusmarcas galegas, a só unhas décimas das mínimas para participar no Europeo de Istanbul e o US Open.

